

## MISA CON NENOS

18 de febreiro de 2017 - Coresma 1º-B

Evanxeo de Marcos 1, 12-15: "*Xesús deixouse tentar no deserto*"

Mensaxe: 40 días CAMIÑANDO: 1ª etapa, polo DESERTO.  
Descobre que está cerca o Reino.



**40 días CAMIÑANDO: Polo DESERTO**  
**Descubre que está cerca o Reino.**

# 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

O Mércores de Cinza comezamos a nosa peregrinación coesmal que nos levará ao encontro con Cristo, vivo e resucitado, na festa da Pascua. Iniciamos este camiño, coa confianza posta en que a Palabra do Señor acompañaranos en todo momento e iranos guiando como un compás para que camiñemos coa confianza, coa seguridade de que Xesús, o noso amigo, acompañanos no camiño. Esta semana imos facer unha primeira etapa, camiñaremos polo deserto, e darémonos conta de todas aquelas tentacións que na nosa vida nos impiden avanzar con alegría. Xesús, axúdanos a deixalas polo camiño, non as necesitamos. *(Podemos poñer o cartel do camiño cara á Pascua de Fano cunha frase: “40 días camiñando: 1ª etapa, o deserto”)*



# 2. PERDÓN

**(Sacerdote)** *Como Xesús, tamén nós somos tentados e caemos, temos fallos na vida.*

*É o momento de pedir perdón e fortaleza para non caer na tentación.*

- **(Posible... catequista)** - Ti, que miras o corazón das persoas, o nobre de cada un. ***Señor, ten piedade de nós.***

- **(Posible... pai-nai)** - Ti, que nos chamas á vida plena, a vivir para Deus, á salvación. ***Cristo, ten piedade de nós.***

- **(Posible... neno-nena)** - - Ti, que nos invitas a vencer a tentación de ter, de poder e de sobresaír. ***Señor, ten piedade de nós.***

### 3. PALABRA DE DEUS

#### **MONICIÓN ÁS LECTURAS**

Que importante é para nós a Palavra de Deus, pois é o noso compás, o noso GPS para non saír do camiño cara á Pascua. Durante a Coresma escoitaremos na 1ª lectura os momentos principais da historia do pobo de Deus, en clave de alianza ou pacto que Deus fai co seu pobo. Hoxe escoitamos a alianza de Deus con Noé tralo famoso diluvio. Na carta de Pedro explícanos como esa alianza de Deus co seu pobo culmina con Xesús morto e resucitado. E no evanxeo Xesús invítanos a volvernos a Deus, rexeitar a tentación e converternos, pois Deus quere ser o noso amigo.



## LECTURAS

#### • **Xénese 9, 8-15:**

#### ***O pacto de Deus con Noé salvado do diluvio.***

Deus díxolle a Noé e aos seus fillos: «Eu fago un pacto convosco e cos vosos descendentes, con todos os animais que vos acompañaron: aves, gando e feras; con todos os que saíron da arca e agora viven na terra. Fago un pacto convosco: o diluvio non volverá destruír a vida, nin haberá outro diluvio que devaste a terra.» E Deus engadiu: «Este é o sinal do pacto que fago convosco e con todo o que vive convosco, para todas as idades: poñerei o meu arco no ceo, como sinal do meu pacto coa terra. Cando traia nubes sobre a terra, aparecerá nas nubes o arco, e recordarei o meu pacto convosco e con todos os animais, e o diluvio non volverá destruír os viventes.» *Palabra do Señor.*

• **Salmo 24:**

- Os teus camiños, Señor, son misericordia e lealdade para os que gardan a túa alianza.

• **I San Pedro 3,18-22: *Deus chámanos e ilumínanos.***

• **MARCOS 1, 12-15: Deixábase tentar por Satán, e os anxos servíano.**

**Narrador:** Naquel tempo, o Espírito empuxou a Xesús ao deserto. Quedou no deserto corenta días, deixándose tentar por Satán; vivía entre as feras, e os anxos servíano. Cando arrestaron a Xoán, Xesús marchouse a Galilea a proclamar o Evanxeo de Deus. Decía:

**Xesús:** -«Cumpriuse o prazo, *está preto o reino de Deus: convertédevos e crede no Evanxeo*». *Palabra do Señor.*

*(Narrador-Xesús).*

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**(Sacerdote):** *Presentemos ao Señor a oración da Igrexa dicindo:*

***R.-Pai, líbranos do mal. -Non nos deixes caer en tentación.***

1.-Pola Igrexa que nos regala este tempo de Coresma para renovar a nosa vida de fe. ***Oremos.***

2.-Polos que iniciamos a Coresma para que non nos deixemos tentar pola comodidade e o egoísmo ou a falta de fe. ***Oremos.***

3.-Por todos os crentes, para que o xaxún, a oración e a caridade nos fagan máis próximos aos necesitados. ***Oremos.***

4.-Por todos nós, para que o noso corazón sexa máis misericordioso, forte, pechado ao tentador e aberto a Deus. ***Oremos.***

5.-Para que durante esta Coresma teñamos momentos para orar en familia, compartamos máis cos outros, xaxuemos de rancores e tendamos pontes de fraternidade. ***Oremos.***

**(Sacerdote):** *Que neste camiño coresmal descubramos o teu inmenso amor e iniciemos a conversión. Por XCNS.*

## 5. IMPOSICIÓN DA CINZA:

**MONICIÓN:** - Impoñemos a algúns nenos a cinza na fronte: Os signos externos axúdannos a vivir as realidades profundas da vida. Estes días comezamos o tempo de Coresma, un tempo de cambio, de volta a Deus. Ao impoñernos o sacerdote a cinza na cabeza con esas palabras *“convértete e cre no evanxeo”*, expresamos o noso compromiso de cambiar rexeitando toda tentación. A cinza na fronte ten forma de cruz para que nos acordemos da fragilidade da nosa vida e recoñecer que necesitamos mirar a Deus e ao abrazo de amor que nos ofrece. Logo bicamos tamén os evanxeos dicíndolle ao Señor: *“Creo en ti, Señor. Cambia a miña vida”*.

## 6. OFRENDAS

### - MOCHILA:

Á hora de emprender a viaxe non podería faltar a mochila. Nela levamos unha figuriña de barro para recordar que estamos nas mans de Deus e na Coresma facémolle caso para que nos vaia modelando. Tamén un corazón porque busca que o queiramos e nos queiramos uns a outros. E unha friameira baleira de comida simbolizando os xaxúns que queremos facer (de caprichos, de non estudar, rifas, enfados, mentiras ou falta de colaboración).

### - COMPÁS E GPS:

Para non perdernos no deserto da vida necesitamos a Palabra de Deus que nos guía, axúdanos a descubrir as nosas tentacións e a seguir o camiño do evanxeo.

- **PAN E VIÑO:** Finalmente ofrecemos o pan e o viño, para que neles, ti Señor, te fagas presente, nos deas forza, e poidamos recibirte no noso corazón.

## 7. SUXESTIÓNS:

-Tal como indica Fano nos seus debuxos para a Coresma 2018 pódese facer un cartel grande que se vai coloreando todas as semanas e engadíndolles bocadillos

([https://drive.google.com/drive/folders/1BKkLFB2h9ekmy8uhhn5\\_sw1BnpcJpqVg](https://drive.google.com/drive/folders/1BKkLFB2h9ekmy8uhhn5_sw1BnpcJpqVg))

-Poderíase desenvolver a homilía en torno á mochila que levamos á viaxe de Coresma cara á Pascua e os obxectos que imos introducindo nela (ver ofrendas).

-Outra actividade sería facer algo parecido ao que preparamos cando imos a unha viaxe. Facemos unha listaxe de cousas para camiñar cara á Pascua. Propoñemos algunhas: deixar algo a tele e ler uns minutos o Evanxeo; xaxuar de caprichos, enfados, desobediencias ou preguiza; colaborar na casa; participar o domingo en familia na eucaristía; rezar ao levantarme, ao deitarme e antes de comer; acompañar e axudar a algunha persoa que está doente ou o pasa mal e necesítame; ler o Evanxeo da misa todos os días nalgún momento dedicándolles 10 minutos escoitando a Xesús que me quere dicir...

-Do mesmo xeito que en Advento adornamos o fogar, poderíamos en familia adornar “de Coresma” a casa: un cirio, a Palabra para ler e orar, un crucifixo, e un sobre para aforrar algo para entregar a Cáritas en Xoves Santo como froito da nosa abstinencia e xaxún coresmal...

-Enviade aos vosos compañeiros por whatsapp o debuxo do lado e aprendede a seguinte canción..CORENTA DÍAS CAMIÑANDO (Grupo Ixcis)



<https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>

## 8. Posible acción de grazas

### *Non me deixes caer na tentación*

**Xesús:**

**Comezamos a coresma**, un camiño de renovación cara á Pascua, acompañados de Xesús que coa súa Palabra, que é o noso compás, vains indicando o camiño a seguir.

**Neste primeiro domingo**, camiñamos polo deserto, un lugar duro para mirar ao noso corazón e enfrontarnos ás tentacións que xorden de imprevisto, estorbándonos para camiñar tras Xesús.

**Nesta primeira semana** quero facer realidade a túa mensaxe: "está preto o reino, convértete, cre no evanxeo". Por iso dáme a túa forza para cambiar, mellorando a miña relación contigo (oración), cos demais (compartir) e comigo mesmo (xaxún de rancores ou de malas palabras)...

**Xesús, ensíname a confiar** en Ti e a superar as tentacións coa túa axuda.

**RED CATEQUISTAS GALICIA**